

## **CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE 12 BOLSAS DE MOBILIDADE PARA O ALUMNADO PARA O PROXECTO KA-121-SCH 2023 DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS+**

### **1. BASES**

O IES Plurilingüe Rosalía de Castro participa no Programa Erasmus+ no sector escolar a través da acreditación aprobada na Convocatoria 2022. Esta bolsa é para a realización dunha mobilidade en centros educativos europeos nos que se traballe algún dos obxectivos contemplados no noso Plan Erasmus:

- Coeducación e igualdade
- Educación para o desenvolvemento sostible
- Autonomía moral e sentido de pertenza europea
- Avaliación e mellora da competencia dixital docente

Resérvase o 10% das prazas ao alumnado candidato por atención á diversidade: con algunha discapacidade, con necesidades educativas especiais ou con circunstancias persoais que o aconsellen. En caso de non cubrirse, pasarán á totalidade.

Tamén se terá en conta a paridade de xénero.

### **2. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS**

- A) Media dos resultados durante o proceso de aprendizaxe neste curso. (60%)  
Valorarase de xeito particular o interese, a participación e a actitude activa e cooperativa durante o proxecto EDUinnova.
- B) Entrevista persoal en inglés (20%)  
Valorarase o compromiso de traballo cooperativo e o seu dominio da lingua inglesa.
- C) Capacidade de traballo en grupo e integración. (20%)  
Informe do equipo educativo e da persoa titora.

Tamén se serán en conta os seguintes criterios:

1. Alumnado con menos oportunidades.
2. Non ter participado noutras mobilidades.

### **3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes realizaranse mediante un formulario que se pasará nas clases.